

A ROSA TERRA

BOLETIN DECENAL

Idearium da Irmandade da Fala en Galicia e nas colonias galegas d'América e Portugal

PREZOS DE SUSCRIZON

Na Cruña ó mes, 40 cts.
Coste d'un núm. 15 »

Fora, trimestre, 1'50 pts.
América, id. 2 »

Pagos adiantados

Redacción e Administración: PASEO MÉNDEZ NÚÑEZ (Irmandade da Fala)

Número 55

A CRUÑA 5 DE MAJO DE 1919

O primeiro probrema da nosa economía

ADUANAS E LIBRECAMBIO

Todos saben que namentras haxa aduanas en Galicia, Galicia será probe. Pero moitos coidan que o réximen de librecambio que nós pedimos encerra un perigo de separatismo económico. Pois ben: Iso é unha mentira mais do centralismo. O centralismo que impón a protección arancelaria tanto perxudica a Galicia como a Castela. O que demostra que o réximen centralista é o enemigo común de todas as rexións da España. E esta gran verdade non vol-a dírel eu; díranvol-a pensadores de Castela, fillos de Castela, a intelteualidade mais esquisita de Castela, cujo pensamento, sacado d'uns e d'outros, o pé da letra, paso a espoxier:

"En Castela *labrador* non quér dicir "home que labra", sinon *amo de terras*; o que labra as terras é o rendeiro, colono ou caselro. Iste é o úneco que fai nacer o trigo, mais pra él nin siquera fica pan, *porque non tén terras*. O que as tén non-as ara; coídase rico d'abondo e pol-o tanto con dereito a que os demais aren pra él.

Istes *amos de terras* exercen un monopolio. E hay que pensar en faguer o monopolio lucrativo. E isto false moi inxelamente:

O gremio de monopolizadores fixa os prezos; mais tales prezos non polden subsistir si se deixa libre entrada ó producto estranxeiro, lgoal e mais barato. Por iso crean unhas Aduanas *pra que as cousas necesarias non poidan valeren baratas*, é dicir, pra dar ós monopolizadores, ou sexa, ós *propietarios*, o dereito de vivir roubando ós demais.

Isto das aduanas *prós amos das terras* é cousa mol abrangulbre, porque eles son os *elementos directores*: son os que dispoñen dos votos, dos alcaldes, deputados, son-o todo. Por iso un cativo número de homes polde impór ós mais a miseria coma unha obriga *patriótica*.

Por iso os que gobernan asesinan ó pobo por medio do arancel. E cando desfacerdo a riqueza das xentes, aumenta a recaudazón, din mol satisfeltos que é unha sinal de prosperidade nazonal. No que dan a enxerguere que pra o desenrolo da *sua agricultura* é preciso impór ás xentes pol-a violencia a maior cantidade de miseria, pra que non mengiten as rendas dos folgazás, por iso se da o caso asurdo de que na España somente teñen dereito a decir cando fal falla pan aqueles que percisamente endex mais pasaron un día de fame.

Cando o verdadeiro *labrador* conquite unha boa colleita os *amos das terras* fan baixar o arancel, o trigo véndese barato e mercan a fanega a dous pesos.

Medio ano dempois volven a rubir o arancel, dende que acapararon o trigo barato, e o *labrego* ficou sin él. Encarécese o pan, e o

labrego ten que voltar a mercal-o a dobre prezo, é dicir, duas veces mais caro do prezo a que o vendera. E a isto chámase *protexer a agricultura*.

Istes *amos das terras* son quinze ou vinte mil en toda Castela: viven do trigo que rouban ós probes e fal falla que ise trigo valla caro. Pra isos se pón a Aduana. Non importa que arruine o chán e arruine as xentes; o que importa é que non entre trigo pra que as terras vullan mais sin traballalas mais. Logoponse outra aduana en Galicia pra que os galegos teñan que mercar o pan ós acaparadores de Castela. Eisi en Galicia non haberá pan e en Castela non haberá carne. E todol-os que traballan morreranse de fame; mais en troques os *amos das terras* ficarán contentos. Cando se teme que a xenreira do pobo arrase o arancel, pónselle un puntal ás aduanas: eisi o fixeron ises ladrós que nos meteron na guerra de Cuba somente pra sostér alí outra aduana; e pra poder vender alí a sua *farinha* a 38 pesetas, e pra que non poldese entrar a 16 a *farinha* de Norteamérica, contrataban eiqui un empréstito de 300 millóns e garantizábano cós ingresos d'aquelas aduanas. D'iste xeito hipotecaban a independencia nazonal, evitaban o perigo de que unha revolución popular tirase coas aduanas, porque d'aquela os que prestaron os cartos á nazon ficarían sin garantía... e os *amos das terras* seguían mol satisfeltos.

Por iso é preciso dicir d'unha vez pra sempre que calquera arancel de Aduanas é un crimen, porque representa o saqueo de toda nazon sin mais fin que enriquecer a duas ducias de persoas; é mais ainda: é unha serie de crímenes, porque entre as suas columnas de números facinerosos val comprendida toda escala termométrica do door humano; e detrás d'eles o que ven atoparse ó fin non é a protección a industria nazonal, e minto quen tal cousa diga, o que se atopa é a destrución premeditada da produción, o estancamento do pais na barbarie, a paralización vountaria do trafego e dos negocios, o aniquilamento dos meios de transporte, o paro forzoso, a oligarquía dos favorecidos, o roubo ó traballo; a vida triste e cara, o xermolo de todas as guerras, a prostitución, a doenza, a fame, a emigración forzada, a miséria e o embrutecimento.

Algús defenden a aduana, ainda reconecendo a sua esterilidade económica, fundados en que proporciona ó Estado unha renda *mol saneada*. Terán molta razón os que eisi pensan. Pero con tales opinións respecto á moralidade esencial dos impostos (non sería *mais saneado* saír a roubar pol-os camifios? Con que jánimo centralistas! a xuntarse en *caadrilla*, un pasifio mais, e pró que vos falla...

...Eisi vos loce o pelo, eisi tendes as terras mais de Castela que non dan mais que ignoranza, tiranía, misticismo, retórica e ferocidade, porque o voso dominio quiritarlo é sacrosanto; desterrástedes ós xudíos; desterrástedes os arbres; desterrástedes ás augas que fuxen de vós buscando o agarimo de terras mais humanas, desterrados os pobos, que emigran da fame. Loitades contra os elementos e contra a humanidade; por iso en tempos de Felipe IV a nosa moeda era desprezada pol-o mundo entelro, mais en troques n-ela liase aquela inscricción mol patrioteira: "Todos contra Nós e Nós contra todos". Fóstedes ás colonias pra saquealas, por iso non fixéstedes factorías, pra qué?, sinón fosos e castelos, únecos restos vergoñosos da vosa dominación. Agora desterrades a patria mesma, porque a patria é o chan; e o chán téndelo confiscado, porque non é do pobo, sinon *dos outros, dos donos*, e qué patriotismo lle queredes a un pobo pra unha terra que non é sua? Cando queirades podedel-o votar. E votadeo axíña, arrasade á nosa Castela. Eisi canto mais a miséria se meta en nós, mais eisaltados nazonalistas sentiredes nacer en todol-os currunchos. Aumentaranse as dificultás de goberno, Chegaremos cicais, á guerra civil, porque as rexións industriais apartaranse de nós, porque non poderán vivir en xuntanza con terras secas e famentas nas que non atopan mercado.

Cicais queiramos sometelas violentamente como a Cuba.

E d'aquela díredes que loitamos *pol-a unidade da gloriosa patria*, mais a triste verdade díranos que loitaremos para impórilles a nosa propia miseria. Haberá quen queira ir hacia Europa e quen queira seguir ollando hacia Africa.

E cando a corda rompa, pensádeo ben, ¿quen dos dous será o separatista?

¡Separatistas! nos chamarían si nós dixésemos tales cousas. Pro tende calma, eu non fixen mais que traducir o pensamento da intelteualidade de Castela.

Agora somente me resta perguntar: si tan grande é a maldición que a y-alma de Castela ten pró centralismo, negador da verdadeira Castela, ¿en qué peito de galego non haberá unha maldición lada mais grande?

Pol-a tradución,

L. PEÑA NOVO.

Verbas acesas

Que os que falan a lingua da Patria, son solo os ordinarios, os incultos, o pobo mal, a masa. Ben ¿E qué? Iso é o esencial. Eisi fica amostrado unha vez mais que o pobo é o único e verdadeiro relicario onde se conserva e gardan as esencias patrias en toda a sua púntina pureza, sin lixaduras que desvirtuan e prostitulen

Fora da masa anónima solo existe, con mo-
raras esceuzons, toda aquela xuntanza de des-
naturalizados que, por non pertencere a nada,
nin así mesmos se pertencen. Os faltos d'es-
pírito e de senso propio. Aqueles que, alleos
a todo, ate a si mesmos son alleos. Os atelga-
dos da mais cruel das vulgaridades por esceso
de orixinalidade forrada. Os eunucos d'espi-
ritualidade uniformada...

Falaran a lingua patria solamente os da eli-
te, os señoritos, os tipos *bien* valeiros de crá-
neo e de peito y-estonces, ¡ah!, estonces sería
cousa de repudiala. Lonxe de sere a expresión
esterna da espiritualidade d'un pobo, sería a
espresión derradeira da orixinalidade, do arte
de chamal-a atenzón con que unha crase, a
dos *bien*, buscaría o xeito de diferenciárese do
resto dos mortaes. Algo a maneira d'unha
moda de chaleques fantasía *última novedad*...

* *

Un pobo ainda tendo perdido o seu carácter
e o seu sentimento nazonal non pode sere
consideirado endexamais como algo definitiva-
mente perdido, como algo que foi.

Todo semella confirmar a morte, a anulazón
como tal pobo *seu e único*. Mais, de súpeto,
d'aquel organismo sin espírito ou con espírito
alleo, de prestado, emerxe o sopro revelador
da existencia d'unha alma nazonal qu'unque
esvaída alenta. O pobo vive, lnda qu'adorma-
cido con sono semellante á morte, presto a
despertar. Calquer accidente o fará despertar.

O sopro revelador é un libro de versos felto
na lingua patria, unha novela esquirta no idio-
ma natural,.. Na obra do artista alenta a alma
da nazón. A espiritualidade da raza latexa
n-ela. A obra de arte hacharase amostrando
craramente como pol-o xenio artístico a alma
d'un pobo vive ainda,

* *

Que somos poucos? Xa seremos mais. O
noso número esiguo dícenos d'abondo. Si fô-
ramos moitos cicais non latexase en nós a fe
que nos enorgulece.

Con Renán crémos qu'as grandes cousas
d'un pobo adolta á facelas, pol-o común a
minoría.

* *

Non ama a Patria quen non vive en plena
identificazón con ela. E ¡qué maior identifica-
ción que a de amostar de cote e coá fachenda
digna de todol'os grandes orgullosos—condi-
ción que non todos poden tere—aqueilo que
Deus quiso que fora como xenuína marca,
sello típico, característica decisiva d'unha pa-
tria?

O emprego cotidiano da lingua, velai a
mostra mais tanxibre da total identificazón con
que s'enorgulecen todol-os grandes patriotas,
os verdadeiros, os únicos.

* *

Falando o propio linguaxe os alleos óllan-
nos con respecto. Falando no estrano as ólla-
das con que nos fiten mol frecuentemente

amostrarán bulra e desprezo. D'un xeito vela-
do e involuntario faise como un reconecimento
de propia inferioridade que xustifica, con cre-
ces, aquela bulra e aquel desprezo.

R.

O labrego irredento

*Pra Antón Vilar Ponte,
con fondo agarimo : : :*

Fraco, triste, encorvado,
a pliel do rostro pol-o sol queimada,
camiñando co-ademán cansado,
apoyado na vara d'aguillada,
val guiando os bois car'ó balado.

Ven de volta da villa
sonde foi pra levar a renda ó amo,
que por dono dos eidos que'el traballa
tenlle que entregar todol-os anos
a mitá das colleitas apañadas.

D'x' o leito cando nace o día
pr'adicarse a traballar na terra,
y-o mesmo se fai sol, se cae auga
que si saravia, ou chove, ou neva,
verédelo bourando coa ligofia
porparando o terreo pr'a colleita.

E despois de pasar mol longos días
en que o probe cò sudor mollou a testa,
disque o prémeo de traballo tanto
recíbeo ó faguer a colleita.

¡E pasa fame cuásque todo o anol
¡E ten por leito unhas cantas pallas!
¡Malditas leises! que non dan as terras
ós sofridos labregos que as traballan!

IGNACIO RODRIGUEZ.

Madrid, Abril de 1919.

DENDE TERRAS AMERICANAS

Unha nova Irmandade

Antre os compatriotas nosos, residentes en
terras sudamericanas surxiu a idea, laudabilísi-
ma, d'ire á constitución d'unha Irmandade da
Fala en Bos Aires, que fose algo así como o
órgao portavoz e sementador das arelas redentoras
qu'os Irmandiños galegos veñen espalla-
ndo a cotío, con valentía e abnegazón exem-
prares, pol-as cibdades e agros da Patria lon-
xana y-endexamais esquecida. A idea tomou
corpo. Pra decatarse de qu'elís sucedería,
abondaba con cofecer, siquera medianamente,
a fe e o ardente patriotismo d'istes emigrados.
E a Irmandade da fala de Bos Aires vai a sere
xa un felto consolador e decisivo, que virá a

atenuar en parte o inconsciente patrioteísmo
antigalegista dos emigrados n-outras repúbli-
cas americanas, preocupados solamente pol-a
continuazón, en terras estranxeiras, do ver-
goñoso esputáculo das caciquiles loitas per-
soalistas que, pra moitos d'eles, foron a causa
do éxodo.

Non teremos os galegos da Arxentina nin
pazos suntuosos nin a forza asoballante dos
cartos con que outras colonias galegas s'enor-
gulecen, mais temos patriotismo, verdadeiro
entusiasmo e amor pol-a terra onde ollamos
a luz primeira. E isto solo que val mais qu'ó
outro, que fala por nós mellor qu'os pazos e
qu'os cartos, constitúe o maior honore o mais
lexítimo e supremo honore con que pode enor-
gulecérese unha colonia.

A nova entidade galega nazonalista feita en
terras americanas pode decírese que val a sere
como unha continuazón da finada sociedade
"A Terra", de tan grata lembranza. N-ela figu-
rarán os esquirtos e xornalistas de mais sona
antre a colonia. Podendo decírese sin temor a
trabucazóns que, moi axíña, a Irmandade da
Fala de Bos Aires acochará no seu seo a to-
dol-os galegos da Arxentina.

Mais o verdadeiramente intresante y-esceuzo-
nacional, dentro da Irmandade que se ven crean-
do, é o gran número de donas e rapazas que,
dende que s'esbozou a idea de fundala, vé-
ñense inscribindo nas listas de "socios". A
elas, a tan exemplares e patrióticas galegas,
débese a aportazón de gran número de inicitivas
pra o maior éxito da entidade nazonalista.
Antre istas figura a de crear un distintivo
especial qu'as permita reconocérense en to-
dal-as ocasións pra donárense axuda e protel-
zón mútua. Tendo en conta, pois, o entusias-
mo galeguista que hoxe latexa en tantos pel-
tos, elquí, n-istas terras, e atendendo ademais
a qu'ó factor "muller", tan esencial e decisivo
pra toda empresa en qu'ela toma parte está
en corpo e alma incorporado o movemento
galeguista ¡cómo admítire a mais pequena
dúvida acerca dos trufos que agardan á
Patria?

Sintetizando, a nova Irmandade virá a sere
unha reprodución exacta das constituídas en
Galicia; d'elas recibirá inspirazóns, programas,
todo, en suma, canto se refira a outa labor
de galeguismo redentor que ten d'acometer.
Ela será como un baluarte avantado do idio-
ma e de total-as características que consti-
túen a nazonalidade, nas terras do continente
americano; algo así como o altar onde ten
d'ardere, adolto, o fogo sagro do patriotismo,
fogo que, quentando os corazóns dos compa-
triotas emigrados, lles faiga sentírense alrua-
dos pol-o sentimento do nazonalismo gale-
guista, único sentimento que, unha vez es-
pallado antre todol-os espíritos galegos, tera
de salvarnos e de salva-la Patria.

V. DO FERREIRO.

República Arxentina.

FOLLAS NOVAS

Axiña se publicará a novela de Gonzalo López Abente, da que ofrecemos un facsímil da portada ós nosos lectores.

"O Diputado por Veiramar", que conquistou o primeiro premio no certame de novelas feito por iste boletín, véñse imprentando de xeito luxoso, elegante e artístico.

Constituirá o volume o número un da "Biblioteca Galeguista", na que a intelectualidade moza da nosa Terra (aquela que sinindo o momento e cheia d'arelas novecentistas fai da sua cultura un arma ó servizo do ideal nazionalista) poderá refrexar o seu talento e o seu arte.

"O Diputado por Veiramar", obra d'un alto poeta, marca na nosa literatura renacente a mesma orientación que "A mán de Santiña", de Cabanillas. Dase a paradoxa fecunda de que sexan dous mestres do verso os que leven a prosa galega pol-as canles da modernidade, mentras un pensador, soio poeta circunstancial, Vicente Risco, amosa o xeito de facer c'o idioma patrio rimas tan ultramodernas, sinxelas e sotiles, com'as dos vates europeos mais inquedós e aluados.


"A mán de Santiña", acabou, para sempre, c'os velios tanteos de teatro escrito en galego, con asunto galego pero axeitado ás formas mais pobres e demodées do decadente teatro castelán.

"O Diputado por Veiramar", acabará, endebén, da mesma maneira, con ises contos e con isas novelas cheias de plebeísmo que, millor intenzoadas que gráciles, donábanlle ó galego un senso dialeutal aldraxante e tristeiro.

O galego, comá o portugués, nasceu para valorar universalmente a i-alma da Raza; para ser instrumento da cultura enxebre, tan outa com'a do povo mais fino

e esquisito do mundo, e non samente un mostrario de costumes rústicos, onde o pintoresco e o bárbaro aniñaban sempre.

O DIPUTADO POR VEIRAMAR
NOVELA DE GONZALO LÓPEZ ABENTE



O galeguismo no arte, na literatura e na política, xa ten características de seu, gracias ó santo esforzo das nobres Irmandades.

Mentras os "roldadores da muller de Loht", métense pol-o pasado, para estudar os vellos valores galegos mortos, en castelán, a mocidade intelectual de positivo valimento, érguese cara ó porvir, sintindo a nova vida e ofrendándolle á nova vida seus amores e entusiasmos.

Sen dúbida xurdiu xa a "escola gale-

guista", que ten as fondas esenciais do nazionalismo latexante por áas. Apóstoles d'ela, entre outros, son, Castelao, na caricatura; Cabanillas, López Abente, Taibo e Porto Rey, na literatura; Risco, Viqueira e Losada Dieguez, na pedagogía e na estética; Peña Novo, Banet Fontela e Noguero, na socioloxía e na oratoria; Correa Calderón, Branco Torres, Montero Mexuto e Villar Ponte, no xornalismo; Imeldo Corral, na pintura do paisaxe; Quintanilla, na crítica; Balboa e Pita, no industrialismo e no agrarismo; Asorey, na escultura; Fernando Osorio, no arte da decramación, e Baldomir e Braxe, na música.

Todo ten un recendo de novedá, afincado no amore a Terra, n'estes precusores d'unha Galicia grande, libre, culta, forte e rica.

O lirismo e o idealismo, forzas íntimas e esenciais da nosa raza tiñan morto nas máns dos que viven sugando da soma d'un vello patriarcado, escravo da lingua de Castela. E agora rexurden trunfales. Logo de "A mán de Santiña", primeira pedra d'un teatro idealista e lírico, coma debe ser o noso, "O Diputado por Veiramar", novela nunciadora d'unha novelística galega, esprendorosa.

Y-é n'Ourense, coma en Pontevedra, Lugo e a Cruña, querse dicir, en toda Galicia, onde aparecen apóstoles do novo credo, que alumea dend'a eternidade o espírito fermoso do xenial Porteiro.

O maurismo e o cervismo fráguídos o Poder por outro "ismo", son a negazón dos ideás europeos que xermolaron co'a guerra.

CAMIÑO DO TRUNFO

O Conservatorio nazonal de arte Galego

Esta patriótica entidade, unha das mais dinas de loubanza da nosa Terra, ven recibindo moitas emoras cheas de agarlmo pol-o grande éxito que conquistou na solene festa inaugural c'o estreno de "A mán de Santiña", de Cabanillas.

As príncipaes vilas da rexión desexan que o

notable cadro de decramazón do Conservatorio vala a elas, para dar a conecer a fermosa farsada do poeta da Raza.

Hoxe podemos decirles ós nosos lectores e a cantos s'interesan pol-o rexurdimento do arte nazonal galego, que moi axiña estrenarase na Cruña unha orixinal comedia modernísima, do conselleiro da "Irmandade da Falz", do Ferrol, cultísimo escritor, elocuente orador e notable médico Xaime Quintanilla.

E con ista comedia e co'a farsada de Cabanillas o Conservatorio de arte Galego fará

moi axiña a anunciada tournée pol-as príncipaes vilas da Terra.

Tamén ensaiarase a comedia n'un acto, de Porto Rey, "A tola de Sobrán",

E dato interesante, pol-o que demostra, é que de Barcelona e Madrid recibíronse cartas pidindo que o mesmo conservatorio pense en facer un ciclo de seis representacións d'estrenos d'obras teatrais galegas nas duas urbes nomeadas, cando haxa repertorio d'abondo.

SEMPRE POBRES D'ESPIRITO

O alcalde de Ortigueira non falou en balde...

O señor alcalde d'Ortigueira, mandounos con atento saúdo, o mesmo que ós xornás da Cruña, unha síntesis das cousas que o concello do que él é cabezoleiro, leva feitas ou ten en estudo, d'algúns anos a data.

Pareznos ben todo iso. Verdaderamente n'aquel concello se traballa, coma en poucos, quizais, pol-o fomento dos intereses agropecuarios. Coidamos, n'oustante, que o cumprimento do deber solo s'amostra como virtú, en paises cal o noso onde o concepto das obrigas cidadáns tómasen no senso de merecemento exdempnar. Tan baixo temos caldo moralmente.

Certo que de xeito material progresa a comarca d'Ortigueira. Pero go Concello fixo progresar a comarca, ou a comarca amostrando de tempo en tempo xeitos de rebeldía, aconsellada por homes libres, fai tirar para diante ó concello?

Efeito da escravitú de séculos que impuxo o centralismo á Nosa Terra, o progreso por antonomasia para a maioría dos galegos, inda os que teñen fachenda de cultos, é o progreso... material. Non coldan sintoma progresivo mais que o baixo senso utilitario e xudaico. Elsi acaban por non decatarse de que as esenciais espiritoalistas nas que a libertá ten xermolamento fecundo, vánse esmorecendo no territorio, para trocar este n'unha fautoría ou n'unha colonia onde serán sempre amos e negreiros aqueles que donen favores capaces de traducirse en pesetas. Non d'outro xeito chegou Galicia á noxenta servidume, negación de toda cidadanía, en que s'atopa. Cápanse pol-o favoritismo a libre espontaneidade popular, e ó remate pode xurdir unha comarca chea de riqueza material, onde as almas sexan pantasma e onde a colectividade teña mais de colonia tanxerina que de familia civil d'un povo europeo.

"Se tendes bos edificios, boas ruas, moitos cartos, pero todo isto valeiro de cultura civil e de libertá, e coma si non tivésedes nada, ou peor se cadra...", dixo Lutero.

Pois aplicádevos o conto. Moitas básculas, moitas escolas rutinarias, pragmatistas, sin almas; moitos arados modernos, moitas paradas de sementás, moitas pontes e fontes e camiños...; todo isto é bó, perciso; pero todo isto non abondará para demostrar que un país sexa "civilizado",—inda que sexa próspero—si o Concello é feudo d'un cunheiro estrano á Terra, e axéitase o povo a tan terrible baixeza, e o alcalde, e os rexidores, e os homes de mais cartos da comarca postos no dilema de serviren os intereses comúis ou dobregaren a cabeza ante a esixenza de cunheiro centralista, teñen que optar pol-o segundo.

¡Veuse isto tantas veces! ¡Veuse tantas veces n'eses povos que chufan de cultos porque son prósperos, a comedia ridícula, villega d'o alcalde e d'outras persoas caciquis disputándose com'a o millor honore o levar para sua casa o cunheiro cando vai pasarlles revista d'inspección ós servos!...

Primeiro que o utilitarismo xudaico, o idealismo fecundo, que na Alemaña, verbigracia, foi o fautor básico de progreso, coma o foi tamén na Cataluña.

Prosperidade sin "civilización", é miseria espiritoal; escravitú dourada. Nós, cultos, sen cartos, valemós mais e somos mais libres que os vossos cacicós ricos sen alma e sin ideas. O

progreso material ven traguido sempre, en todo momento, pol-os idealistas e soñadores. Os homes de pensamento radical farán mais pol-o voso benestar que to dol-os cunheiros que donen arados, fontes e camiños. Se non fose pol-o intento puro dos espiritos superiores, que vos esquecedes aparvados ante a obsesión do materialismo sanhopancesco, o concepto de patria ficaría nas vosas máis coma unha mercadería. Porque, ou non hai lóxica no mundo, ou vós arrenegariades das esenciais propias, que son o propio ser, para facervos patriotas de calquer povo estranxeiro que enchera as vosas comarcas de maiores fontes de riqueza material. Elsi o senso do vailmento e da prosperidá supón en vosoutros a negación do que hai mais nobre no home libre: a conciencia. Elsi, inconscientemente, resultades materializadores do honor, da relixiosidade, do idealismo; sepulcros branqueados; corpos sen alma.

Ben o decía o inmortal Porteiro: "Perferimos un individuo pobre, pero libre, a un individuo rico e escravo. O mesmo opinamos respecto ós povos."

E perdoe o señor alcalde d'Ortigueira estas manifestacións que poden tomar coma escritas para eles tódol-os alcaldes de Galicia.

O xardín d'ancianidá

Pra "A Nosa Terra,,"

Amores d'a xuventú,
son o xrdín d'a vellez,
recreyo d'a seneutú
n'os anos de languidez.

Hastra o Prior y-a Abadesa
n'as suas meditacións,
se dan conta, con sorpresa
d'esas doces tentacións.

¿Y-en que val pensar un vello
cando non pode c'os ósos,
se lle quitan lse espello
d'os seus días mais dichosos?

Sería a crueldá mayor
pr'on vellido derrengado,
roubarll'o doce sabor
d'o seu gorgioso pasado.

F. SALGADO Y LÓPEZ QUIROGA.

¡ISTO NON E ADIANTO!

(CONTTO)

O tío Liborio nunca vira un automóvil.
Dendes que volvera do servício militar nunca máis saíra da sua alde; unha mala aldea de oito ou dez casas, medio escondidas entre piñeiros e carballos, e por ende non pasaba outra xente estraña, qu'o encarregado de cobrar o reparto d'os consumos.

E iste, aunque nunca aparecera por alí nada se perdía.

Digo qu'o tío Liborio nunca tía visto un automóvil, porque cando él fora o servício, inda non había esa cras de carruaxes.

Perto d'aldea do tío Liborio tía certo señorón unha finca, da que non facía caso ningún.

Pro o tal señorón mercóu un día un automóvil e aproveitándose d'él quixo ir visitala. Alá foi tamén o tío Liborio, e chegou mesmo na ocasión en qu'o "chauffer," estaba limpando o automóvil.

Achegouse e preguntoulle, curioso:

—¿Iste e o coche onde viu o señor?

—Este e—respondeulle o mecánico.

Esaminouno ben o tío Liborio, e tornou a preguntar:

—¿E cómo lle chaman a isto?

—Automóvil.

—Cando eu estive en Madrid servindo ó Rey, nunca vin cousa como ela.

—Porque destonces non-os habría. Isto é o mais moderno que hay.

Tornou o tío Liborio a reconecer o automóvil, e non véndolle sitio nin xeito pra enganchar os facos, perguntou novamente.

—¿E quén turza por él?

—Un motor de corenta cabalos.

—¿Corenta cabalos!... ¿E a isto chámalle adiantos? No meu tempo abundaban duas bestas pra un coche tan pequerrecho,

AVELINO RODRÍGUEZ ELÍAS.

PEQUENAS CONSIDERAÇÕES

De "re" nazonalista

A nazonalidade é, sin que ninguén poida negalo, un feito biolóxico. A sua existencia, por consiguiente, háchase mais alá dos caprichos e dos desexos humanos. Como tal feito biolóxico é algo indestructible e que, pol-o mesmo, fica fora do radio de acción dos imperativos e das vontades oligárquicas. As continxenzas dos tempos e as múltiples circunstancias históricas, as mais das veces pasan por riba d'ela sin deixaren a mais pequena sinal do seu paso. Contra todo e a despeito de todo, unha nazonalidade non desaparece endemais. Aparecerá un momento no que se colde morta, finada, mais axíña ten d'aparecere o momento do erguemento o despertare do letargo que se coldara morte. E d'iste xeito ollamos hoxe, como s'ollou onte, como s'ollará adoito, o rexurdir vigoroso, baril e puxante de nazonalidades qu'até o d'agora xuzgábanse borradas da xuntanza de pobos vivos; y-en troques, ó márxen de tal rexurdir rotundo e decisivo, outras nazonalidades parecen perdere forza escomezando o descenso da pendente que leva ó aniquilamento.

Mais dónase en todo iste tecer e destecer de pobos e de nazonalidades que, elsi como o principio da nazonalidade natural parece afirmárese, e de feito sé afirma, por riba de todo e como afincándose en todo; en troques, de un xeito indubidable a falla de solidez e d'estabilidade dos grandes Estados, feitos a base da negazón dos principios nazonalistas, amóstrase confirmada. Eo non pode menos de sere elsi. Solo na nazonalidade natural pode atopárese a perfecta homoxeneidade e cohesión. Fora d'ela tal homoxeneidade e cohesión non existen, non poden existire. A sua falla sustitúese por unhas ligadoras que non son precisamente as d'unha unidade de cultura, de raza, d'esprito colectivo, de alma—tal é a nazonalidade natural, a verdadeira nazonalidade—sinon moi pol-o contrario as arbitrarias e artificiosas ligaduras qu'o convencionalismo e a comenza, en xuntoiro coá imposición e o

capricho d'unha vountade asoballadora crearon, pra donar marxén á ficción vergofiosa d'unha entidade natural na que solo se atopa qu'é natural a súa artificiosidade e a súa quebradiza constitución.

Elo eisprica ben craramente a causa inicial ou o motivo fundamental do derrumbamento dos grandes Estados, derrumbamento que d'un xeito contumaz verificase de cote, cando s'atopan enfrontados con calquer conflito que sexa medianamente serio. As forzas opostas, diferentes e moitas veces contraditorias que viven dentro d'aquela envoltura artificial que se chama Estado—verdadeira cárcere onde sofren a privazón da súa liberdade tantos e tantos pobos que deberan sere e que serán libres—solo pol-a imposición da súa tiránica vountade, imposición qu'as mais das veces vai acompañada da inxusta hexemonía d'algunha das nazonalidades qu'o integran, mantéñense n-aquela xuntanza. Cando o conflito surxe as forzas do tirán—o Estado n-este caso—téñense de facer afluir n-un soio punto, aquel que se refire á súa mellor e mais doada defensa. Estonces e cando emerxen do mais fondo da súa moura ánima os sentidos chamamentos a unha fraternidade qu'endexamais se sinteu Estonces e cando as bágoas de cocodrilo fan pensar n-un súpeto l-elstrano arrepentimento das culpas pasadas. Estonces é cando non hai pobos inferiores nin superiores. Estonces todol-os pobos qu'integran aquela mentira chamada o Estado son o mesmo ou se pretende faguer semellar qu'o sexan, procurando qu'a hexemonía do soberán se atenúe hipócritamente. Mais en tal hora crítica cando a mais elemental prudenza aconsellaría a xuntanza estreita e forte como endexamais, é cando as nazonalidades donándose conta exacta do seu valimento, pensan en celbarse da tutoría asoballadora, abranguendo d'iste xeito dous resultados: o afundimento do tinglado en que s'afincaba a súa opresión e a súa escravitude, e o recobro da perda liberdade e da roubada soberanía. Exemplos do que fica dito ben recentes se hachan. A inxente Rusia e a grande monarquía austro-húngara, antre outros estados, amostan craramente a verdade das afirmazóns dianteiras feitas.

Pol-o contrario, cando o Estado non é produto da imposición e da forza, sinón froito e consecuencia natural do pacto antre diferentes nazonalidades ás que lliga e xunta a comunidade de determinados intereses nos que coinciden plenamente todas, estonces a custión varía, é mol outra. E d'iste xeito se ten que, a despeito das mais grandes contrariedades e dos mais fortes embites da aderversidade, a xuntanza perpetúase, sin desmerecere endexamais, como todo aquilo que foi consagrado pol-o consentimento mútuo e que solo tamén pol-o mútuo consentimento se pode desfacer.

Por iso se olla a través da Historia, unha e outra vez, a persistenza cada vez mais estreita das grandes agrupazóns de pobos libres. Solo eles son capaces de sobrevivir ás grandes crisis mundiais que, pasenñamente, van tecendo o proceso mediante o qu'a humanidade valse encamiñando a unha maior fraternidade. A aquela fraternidade que solo será algo decisivo e real o día en qu'o principio das nazonalidades naturais, libres e donas dos seus destinos, sexa recoñecido por total-*s* razas como principio único en que se ten de afincar a paz universal. Si é qu'esta ten de sere calquer día algo mais qu'unha risofía espranza acochada en cerebros atelgados de xenerosas utopías pra trocárese en realidade tanxibre e decisiva.

C. ESPASSENDE

O morrer da tarde

As máxicas lembranzas d'outras horas comenzan a vivir no pensamento, e cal pombas aladas,

portan de lonxe vago sentimento.

A figura xentil d'aquela nena

qu'endenantes me amou,

torna de novo a perseguir inqueda

meu probe corazón.

D'os seus ollos o fogo que m'alouca

sinto no peito arder,

y-o estremecerse o corpo ó seu contaoto

parés que vou morrer.

Coidando realidade o que só é sono

brusco pófiome en pe,

e miro que tan soyo m'arrodea

o sol que vai morrer.

J. RODRIGUEZ DE VICENTE.

OS CACIQUES ACUSADOS

Xornada gloriosa para a Xustiza popular

Veuse a causa contra o farmacéutico de Fene, noso querido amigo D. Xenaro Moreda, na Audencia da Cruña.

Xa tiñamos por sabido que aquel culto propagandista agrario saíra libre. Un xurado que o contrario fixera ficaría na maior das deshonoras.

Asistimos a vista da causa e poidémonos decatar de que inda hai na nosa Terra persoas honorabres e dinas, capaces de sentiren a cidadanía. Referímonos ós testigos que desfilaron pol-a Audencia. Para don Xenaro Moreda, para os xurados e para o abogado defensor D. Santiago Casares a nosa embora. Sobre todo cando pensamos que o farmacéutico de Fene tivo maior sorte que o médico do Pobo, e cando coidamos que foi mais froitífero e exemplar para Hespaña o feito por entrambos señores que total-as solenidades do Congreso de Medicina celebrado en Madri, ó son dos bombos e pratillos dos xornás.

Pero collendo o fio d'estas liñas. O importante da vista da Audencia para xusgar ó Sr. Moreda, foi outra cousa. Según o fiscal de S. M., según o acusador privado, según o abogado defensor Sr. Casares, os verdadeiros reos do delito que se l'atribuiu ó farmacéutico de Fene, foron os caciques daquela vila. Pero os caciques que exercen autoridade: o alcalde e o xuez municipal.

Eisi reconecéuse na Audencia da Cruña. Eisi se dixo púbricamente, antr'as mostras d'aprobación do público composto na súa maoría por veciños de Fene, Ponte-deume e Ferrol.

¡Ah, pero eses caciques siguen nos seus

postos; eses caciques, mercedores, según o abogado defensor do Sr. Moreda, e según o mesmo fiscal de S. M., d'acougar no banco do acusado, poderán continuare tranquilamente facendo cantos abusos queiran, sin que ninguén l'es estorbe. ¡Hastra que un día o pobo enteiro parodiando a traxedia de «Fonteovelluna» se sinta todo él Moreda, e esnaquice a aqueles tristes instrumentos do poder central, pendurándoos das albres da campia, como Castelao veuno a aconsellar na súa famosa caricatura do «Sol».

Verbas d'un mestre

O problema da cultura.

Os problemas do pobo galego son mol varios: da terra e do cultivo; da emigración; da orgalzación social; do dereito; o da creazón urxentísima d'unha banca galega; os da vida de relación, etc. Mais da crase meia pode decifrese que solo ten un: o problema da cultura.

A súa dócil sumisión á tiranía do Estado impideulle orgalzarse a súa cultura en beneficio da rexión, e, por ende, como é natural, de toda España. De xeito que o ten todo por facer; e como agora os sucesos precipítanse, ó abandono—culpable—de denantes, sucede a urxencia—un pouco expiatoria—dos tempos presentes.

Eisi como cada cal, según frase acertada de Benot, debe sere o autor do seu propio adprender, eisi a crase meia de Galicia debeu de sere a orgalzadora da súa propia cultura. Lonxe d'elo, limitouse a aceptar, sumisa, a orgalzación cultural do Estado, sin axetalar as súas necesidades espirituales; sin preocupárese de si se axetaba ou non. Error e malicia que, xuntos, leváronna a prescindire d'aquelas, aplicándose soamente a obter proveitos persoas que de cote son pequenos en comparación dos que houbera reportado o proveito rexional desatendido.

Eisi a crase meia arrenegóu de feito de Galicia, y-eisi s'espallou por toda España, donando por unha Patria convenzonal o seu arraigo no país nativo, a súa Patria efectiva. Eisi viveu a crase meia galega totalmente arredada de Galicia, indiferente á súa cultura, e, pol-o tanto, sin cultura rexional propia.

Era imposible qu'a creara quen estaba cegamente sometida ó Estado. Quen obedece cegamente non pode ter endexamais iniciativas nin facer plan por conta propia.

O Estado non puldo tampouco creare unha cultura galega, pol-a dobre razón de que non conece a necesidade e de que non ten os meios. O centralismo, ademais, lexisia pra toda España, igualdade nominal e inxustiza suprema,

Abonda ollar o que hoxe é a Universidade de Santiago; cortada pol-o patrón de total-as demais, como si Galicia non tivese necesidades culturais que lle son propias, ven a sere

unha máquina de producir licenciados. O facer doctores e privilexio da Universidade de Madrid.

Ante todas as d'España, a Universidade de Santiago é unha das que máis resultados obtien en canto ó lucimento e triunfos persoais dos que foron os seus alumnos. Varias veces fixo notar o seu rector, qu' é un rector amante da súa Universidade e celosísimo do seu prestixio. Recentemente díxoo Pérez Lugín no homenaxe tributado a Mella a título de "fillo ilustre," da mesma. Non é posible negar que, apesar da escasa dotazón qu' o Estado regatea a moitos dos seus servizos pedagóxicos, a Universidade galega figura en primeira liña entre todas as d'España.

Mais non é menos certo que non satisface as necesidades, hoxe apremiantes, da cultura rexional. Nin pode satisfacelas antramentras o Estado, que desconoce istas, dirixa aquela. A Universidade galega necesita liberdade pra poder rendir un traballo útil a rexión, cula cultura propia debe representare e hoxe non representa. E a liberdade das Universidades chámase autonomía universitaria.

O problema da crase mela de Galicia é un problema de cultura galega. E a súa solución unicamente nol-a pode donare a Universidade galega, libre, autónoma. E decía, qu' o problema da crase mela galega é a autonomía universitaria de Galicia.

E mester qu' a Universidade galega sexa un organismo doado pra conecel-as necesidades culturais da rexión, e á vez pra satisfacelas. En verdade que tratándose d' unha nación tan varia como España, si cada unha das súas Universidades non fai isto, non acerto a comprender como poderán facer cousas boas.

O non facelo dona lugar e quita remedio ó grave mal de qu' a cultura española esté suplantada por unha cultura estranxeira, que, ademais de apegadiza, e, pol-o tanto, inasimilable, é en moitos casos inferior a nosa.

A cultura d'España non pode sere propulsora do noso progreso antramentras non esté elaborada a medida das nosas necesidades espirituales. Intréame decire qu' a importazón de cultura estranxeira, de libros, profesores e colexos estranxeiros, é unha labore enorme de desnacionalización. Conste eisí pra que se o apliquen os tocados de manía de "europelzarnos," unha das máis grandes trabucazóns en que caíron os centralistas.

Si eles nos desmoralizan, os rexionalistas, en troques, perseguimol-a nazonalización da ciencia española. E como ista soamente pode donárnola a Universidade cando é dona dos seus actos e recursos—de intento evito a frase "Universidade libre," pol-o substituída qu' está,—os rexionalistas quereimol-a autonomía universitaria.

AURELIO RIBALTA

Como ollamos nós o maurismo

Volveu o imperio dos partidos homoxéneos. O maurismo é iso. E se o mauris-

mo vai para diante, xa veredes coma o tinglado idóneo desfaise, indo os seus homes representativos máis esecrabres a acochárense nas fias dos Maura e Cerva. Do que resultará o seguinte: que os partidos, ou partidas do turno, continuarán bulrándose do país.

¿Podemos ter fe na tan levada e traguida honradez de Maura, os galeguistas?

Parvos han ser quen es contesten de xeito afirmadore a ista pregunta. ¿Non é maurista o cacicazgo de Osma en Monforte? ¿Non hai un cacicazgo maurista na Cruña e Pontedeume, alumeado pol-o espírito laberco do marqués de Figueiroa? ¿Non se chama, tamén, maurista o odioso cacicazgo do cunheiro Moral de Calatrava, na Pova de Tribes?

O maurismo é un partido histórico tan lixugado pol-os pecados da vella política, coma calquer outro. O maurismo ven a ser un novo idoneismo. O maurismo, ademais, chega ó Poder coáseque coma chegara Xan Franco en Portugal.

Pero os portugueses demostraron teren espírito civil, senso europeo, e os hespañoles lembran ás galiñas de que falou Costa.

FOLIADA

Como bandada de pombas voan os meus pensamentos: todos levan un camiño, o camiño do teu peito.

Ti erel-o vento
y-eu son a folla:

non sopres, vento, ventíño,
si non queres que me mova!

Nin me digas que son triste,
nin me digas que estou ledo:
risas e bágoas son túas,
eu non son mais que un espello.

Ti erel-a neve
y-eu son o gromo:

non caias na miña ponla
porque si me bicas morro!

En onde ti pol-os ollos
o amor pon o seu berce;
en onde ti pol-as mans
nacen as rosas a feixes.

Ti erel-o lume
y-eu son a leña:

non sopres, vento, ventíño,
si non queres que me encenda!

RAMÓN CABANILLAS.

Un retrato presidencial

Quén é Maura? Xa sabedes quen é Romanones, o probe coxo oligarca a quen tiveran pol-as súas aduanadas infantiles en consideración inmerescida de Maquiavelo. Maura é un cómico infeliz cula lugar axeltado houbera sido a carreta da Morte, na que don Quixote atopara a varios infelices faranduleiros vestidos d'Arlequín, entre eles un vestido coas galas ouropelecas d'un probe faranduleiro adornado d'emperador. Maura é un cómico d'isas compañías ambulantes que chaman cómicos da légoa. Está completamente valeiro de toda sería concesión da misión d'un estadista, da finalidade do vivir dos pobos e dos melos de levare a remate isa finalidade. E un probe legulelo concedore das Partidas e algo do Código civil, que cobra unhos cantos milles de pesetas por consulta ou pleito. E un home de xesto cómico que pertende semellare olímpico. ¿Non persenciástedes algunha vez un discurso de Maura? Nós moitas veces. E cousa divertidísima. Os cómicos dos pobos fano millore. E o home que coá man no pelto e co xesto fachendoso dí un fato de valeiradas divertidísimas. Pra él España é un águila ó que os rexionalistas quereimol arrincarlle as prumas.

As teorías da constitución do corpo social sonlle completamente descoñecidas. O estudo da natureza da Sociedade, dos seus órganos e funcións é algo inabrangulbre ó seu caletre. Pra él istas logomaquias son boas pra entretere o tempo nas crases ou cátedras de Sociología.

Pra él as imaxens ampulosas do século de Góngora; os outeiros logomáquicos do gran Calderón, velaí a ciencia e o arte de gobernar; velaí a ciencia e o arte do discurso.

Probe Maura. ¡Nin unha pruma van a dexarlle do seu traxe d'emperador faranduleiro as intempestivas andanzas d'iste andante cabaleiro da Renovazón armada xa contra dos cómicos provistos das súas apareanzas!

(Do periódico andaluz «El Regionalista».)

Do momento

Por fin conqueu o Sr. Maura o tan desexado e discutido decreto pra disolver as Cortes autuaes; Cortes que, pese ó esforzo dos ministros nazonalistas, que formaban parte do Goberno n'aquel estonces, pra que foran a verdadeira representación do pobo, naceron, como as outras, por obra e gracia do caciquismo máis noxento, integradas pol-os mesmos individuos e cós mesmos vicios y-egoísmos.

Todol-os políticos de profesión se preparan pra amañar as futuras eleccións ó seu xeito, e sacare por calquer meio os deputados que poidan; pois con un mes de loita, poiden seguire vivindo por outra

tempada en constante larpeirada. ¿Seguirá o pobo galego aguantando que lle imponían cuneiros e xente allea?

Eu pénsome que non. Chegou o momento de crebar as cadeas d'escravos e de que, xuntos todol-os bos galegos, cumpramos cō noso deber de cidadans e de fillos de Galicia, faguendo todo o que podamos pra dignificar a nosa terra, escomezando por dignificarnos nos mesmos.

Sin tel-os que ir buscare a fora, temos en Galicia homes honrados, qu'endexa-mais foron políticos nin engrosaron as fias dos vellos partidos; mais, en troques, adicaron a sua vida a estudar os nosos problemas e a buscarlles solución, preocupándose de que xa que non se resolven como era debido por apatía e desprezo dos políticos, pol-o menos que non s'agravasen faguéndose insolubres, cousa que nin siquiera souperon faguer os labercos que nos representaron no Palramento.

E xa que a hora d'elixir representantes dignos se acaroa, busquemos ises homes e pidámoslle que unha vez mais se sacrifiquen, e que nos representen nas novas cortes; y-exercendo libremente o dereito de cidadanía a que estamos obrigados, donémoslles o noso sufraxio todol-os que sexamos galegos conscentes e acabemos d'unha vez coas castas e oligarquias que tanto tempo fai nos teñen asoballados e suxetos a vergoñosa servidume.

J. SARMIENTO

Peneirando...

O anfibio e católico (?) xornal coruñés *El Ideal Gallego*, que tan graciosamente dirixe o ex-traga curas García, por outro nome "o suxeitiño esmagado pol-o peso das ideas", vense anunciando n-unhos carteles nos que se di,

antre outras cousas, qu'è un xornal *libre de toda presión caciquill*.

A nós non-os sorprende tal decrarazón e coldamos que ningunha falla facia. Todos, o que mais e o que menos, están decatados fai tempo de que non a *presión* percisamente, sinón a axuda caciquill, unha axuda puramente romántica e sentimental e a que autúa no aludido xornal. Custión de simpstias.

II II II

Indubidabremente qu'os partidos históricos desaparecen. Dígao sinón o partido idóneo, hoxe mais ameazado que nunca da desaparición como tal partido idóneo, por mor do anxe adequirido n-istes días pol-a *clientela* maurista.

O datismo morre y-en troques o maurismo fortalecerase coá adiquisición dos elementos idóneos que, indefectiblemente, viran a nutrir a suas fias. O instinto da propia conservación ten d'obral-o milagre...

II II II

Unha nova remesa de probes chegou n-istes días a nosa terra. Como de cote, procede o envío de Madrid. Velai un motivo mais d'agradescimento pra xuntare ós moitos que da charca villano-cortesana temos.

Emporiso, moi posiblemente de todol-os envíos, que dende Madrid se non fan sexa o referido o millor. Pol-o menos d'él non se pode agardar que sirva pra fautor d'asoballamento e de espoliación...

II II II

No xornal "La Voz de Galicia", ò facel-a crítica de "Esclavitud", drama do esquirtor catalán Parmeno que tan ruidoso trunfo abranquera en Madrid, atácase de un xeito forte e inusitado, cousa na "Voz", pouco corrente, á referida obra.

A sorpresa rube de punto tendo en conta que a opinión da crítica madrileña é artigo de fe pra tal xornal. ¿Causa do milagre? Non é doado sabela.

A nos parécenos que non é aventurado achacal-a causa de tal troque a tendenza anti-

caciquill da obra. Hai coincidencias que son argumentos decisivos. E n-iste caso as coincidencias son argumentos decisivos. E n-iste caso as coincidencias son termifiantes.

Tratábase de ataques anticaciquies e por riba da pleitesía e do homenaxe que se lle debe a vila-podre estará adoitada a defensa d'aquelo que constituía a razón de certas existencias. Lóxica pura. Non hai qu'abralarse, pois. Troques de conducta tan xustificadas poucas veces se donan.

II II II

Ao conde de Romanones non lle gustou que se deran no Ateneo de Madrid as conferencias de Lerroux, Prieto, etc., contra da situación actual.

E protestou contra da directiva d'aquela entidade que sin a sua venia de presidente da mesma, organizou ditos actos.

En ningún xornal limos o comentario que isto merece.

O comentario é que non ten miga de vergoña unha sociedade, cal o Ateneo de Madrid, que consinte que un político militante teña a presidencia.

O ateneo sempre foi unha tribua imparcial. Agora cumprín c'ò seu deber, coma de cote, porque... prescindiu do presidente.

De xeito que o presidente estorba...

Craro está que isto é o *lógico* aparente, porque ben puidera ser que por baixo corda o conde fose o iniciador do ciclo de conferencias.

Mais de calquer maneira sempre resulta no-xento que unha sociedade intelectual prestizosa sirva coma un autómatas comenencias d'un político da vella Hespaña.

II II II

Xaimiño dend'ò xornal mais noxento que hai en Madrid—despois dos do *trust*—o *A B C*, rabufiou co'a sua pouta a Academia galega.

Xaimiño, pol-o visto, rifa d'ese xeito porque o non nomearon Académico na derradeira fornada en que andivo a corda para todos.

E *Xaimiño* que sabe o que dan de seu os vanidosos, resultándonos vanidoso él tamén coma os seus clientes.

¡Al, hol! E logo fala de que todos somos arrivistas...

Ben di o refrán: "colda o..."

Tipográfica Obrera.—Socorro, 3

Faise cárrago de toda cras de traballos gráficos, en imprenta, litografía o fotografado, así coma sellos de caucho

A Papeleira Galega

FÁBRICA DE BOLSAS DE PAPEL DE TODAS CRAS FOTOGRAFADO

BARREIRA, 7.

A CRUÑA

Teléf. 434

Os viños e coñás millores

son os qu'elsporta a casa de PEDRO DOMECCO, de Xerez da Fronteira, fundada en 1737. A casa máis antiga de Xerez.

O vermouth más selecto

de mundial e reconocida sona é o ZINZANO (Torino).

O Anís do Mono

é un einspréndido licore sin rival

Pra viños de mesa

non hai outros com'ós dos cosecheiros elsportadores Sres. R. LÓPEZ DE HEREDIA (Haro). Casa central: Pazo da Equitativa.—MADRID.

REPRESENTANTE EISCRUSIVO: (matriculado) de todas istas marcas

José C. Juncosa

Galera, 39 é 41-2.º piso.—A CRUÑA

FRÁBICA MECÁNICA

:: DE CALZADO ::

— DE —

ANXEL SENRA**RÚA XUAN FLÓREZ**Depósito: Cantón Grande, 15
A CRUÑA**HOTEL CONTINENTAL**

Castelar, 8 e Olmos, 28

O MELLOR SERVIZO

— DE —

M. Losada Prado**A CRUÑA****SASTRERÍA**

— DE —

EMILIO MUÑIZ

TRAXES ÚLTIMA NOVEDÁ!

N'este acreditado establecemento fanse traxes á medida con arreglo á última moda e a prezos económicos.

ESMERO E PRONTITÚ

CONTA CON BOA CLIENTELA

CABALLEROS, 116, BAIXO

A CRUÑA**Abonos Químicos Mineraes**Cementos, Sulfato de cobre, Azufres, Caldo bordelés **ROUCH**Rexenerador **ROSTAM** pra os animaes debles, pra que as galliñas poñan máis hovos, etcétera.

Pídanse prezos e condizós a

Fernández, Fano y C.^a—A CRUÑA**VIÑOS FINOS****RIOXA - MEDOC**

Felipe Ugalde - Haro

Concesionario en Galicia:

WALDO LOSADA - A CRUÑA

a nome de quen deben vir os pedidos da Rexión

Gran H. UniversalRúa da Reina (da Raiña), 21—LUGO
O MÁIS NOVO E O MILLOR

Ten carto de baño moderno. Dispón de teléfono (núm. 116) e de coche da casa pra todol-os trens.

O GRAN H. UNIVERSAL merece ser visitado

Farmacia Europea

— DE —

López Abente**REAL, 55**

A millor surtida da Cruña e un dos establecimentos da súa crase que máis honran a Galicia. Montada con arreglo ós derradeiros adiantos.

SASTRERÍA

DE

AMBROSIO GUDE

RUA REAL, 59-1.º

N'este acreditado establecemento, que conta co'a clientela máis elegante da Cruña, fánse traxes á medida, uniformes militares e demais prendas de vestir.

Todo con arreglo á derradeira moda.

LA MODERNISTA**GRAN SALÓN DE BARBEIRÍA**

— DE —

RAMOSE ACEA

San Andrés 94.-1.º—A CRUÑA

Establecemento de primeiro orde, dotado de estufa de desinfección e todol-os aparatos higiénicos. Especialidade en lavabos de cabeza, loclós e friclós de todas clases.


Nota: N'este establecemento atopará o público un servizo permanente a cárrego dos seus propietarios, antigos dependentes das máis importantes peluquerías, desta capital.

GRAN FONDA**Las Cuatro Naciones**

San Andrés, 102.—A CRUÑA

O novo dono d'ista fonda, no seu desexo de mellorar o trato aos señores viaxeiros, fixo grandes reformas.

Xántase ben, e os precios están ó alcance de todos.

**COMPAGNIE GENERALE TRASATLANTIQUE****VAPORES CORREOS DE GRAN VELOCIDADE***Servicios directo desde o porto da Cruña***LINEA DE HABANA A VERACRUS**Prezo en terceira á Habana.
VeracrúsPtas. 298 60
313 60

Facilitanse billetes de ferrocarril da Habana a Santiago de Cuba pol-o prezo de Ptas. 35.

Os emigrantes e todol-os equipaxes, son levados a bordo por conta da Compañía.

Para toda clás d'informos sóbor de datas de saída, prezos do paxase e tipos de flete, dirixirse ó seu Consignatario

D. Nicandro Farriña

Rúa de Compostela, esquina á Praza de Lugo

NOTA.—Quedan sin efecto todal-as tarxetas de visita, pois non se deixa entrare a bordo.